

Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Aprobado pola Xunta de Facultade de Administración e Dirección de Empresas na súa sesión do 21-6-2018.

Aprobado polo Consello de Goberno da USC.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas da Universidade de Santiago de Compostela é o centro académico encargado do deseño, planificación da docencia, organización e xestión dos estudos conducentes á obtención dos títulos académicos oficiais de grao e máster do ámbito empresarial no Campus de Lugo. Tamén poderá impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.

Artigo 2

Son funcións da Facultade:

- a) A elaboración dos plans de estudos das titulacións impartidas polo centro e a participación na elaboración daquelas outras compartidas por varios centros.
- b) A organización e a xestión dos servizos docentes que lle correspondan.
- c) A coordinación, a supervisión e o control da actividade docente desenvolvida no centro, das prácticas tuteladas externas recollidas nos plans de estudos e a participación nos procedementos que estableza a Universidade para a avaliación da calidade docente.
- d) A elaboración dun calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.
- e) A promoción de programas de intercambio.
- f) A promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.
- g) Arrealización das actividades de xestión académica que lle encomende a Universidade.



h) A administración dos espazos, servizos, equipamentos e recursos do centro e o control da súa calidade.

i) O coñecemento da actividade investigadora que se desenvolva no centro.

j) Arrealización de actividades de formación permanente ou de extensión universitaria no seu ámbito de competencia.

Artigo 3

1. Son órganos de goberno e administración da Facultade os seguintes:

a) AXunta de Facultade.

b) O decano ou decana.

c) O vicedecano/a ou vicedecanos/as.

d) O secretario ou secretaria.

2. Como órganos complementarios dos anteriores, existirán na Facultade as seguintes comisións delegadas da Xunta de Facultade:

a) Comisión de Calidade e Docencia.

b) Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas.

c) Comisión de Relacións Exteriores.

d) Comisión de Xénero.

3. Asemade, na Facultade existirán as seguintes comisións non delegadas coa composición e funcións que determine o Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado na Universidade de Santiago:

a) Comisión de título (unha para cada título oficial que se imparta na Facultade).

b) Comisión intercentros de título (unha para cada título oficial que, consonte á memoria verificada, se imparta na Facultade e noutro centro).

4. Asemade, a Xunta de Facultade poderá crear comisións asesoras non permanentes para emitir informes, propostas ou recomendacións non vinculantes sobre determinados asuntos, coa composición que se determine no acordo que as cre. En todo caso, esa composición garantirá aos distintos sectores da Xunta de Facultade a mesma porcentaxe de representación que ostentan nesta. A Xunta de Facultade non poderá delegar facultades decisorias nas comisións asesoras.

Artigo 4



A Facultade conta cun Sistema de Garantía de Calidade (SGC) que alcanza a todas as titulacións Oficiais impartidas nela e das que é responsable. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas a el.

En conxunto, o SGC da Facultade contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua.

O SGC dispón dun manual que define o alcance do sistema, a estrutura para O seu desenvolvemento e o mapa de procesos que son responsabilidade directa do Centro. O manual do SGC deberá ser aprobado pola Xunta de Facultade e polo órgano da USC que determine a normativa vixente.

TÍTULO I. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DA FACULTADE

CAPÍTULO I. DA XUNTA DE FACULTADE

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 5

1. A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno da Facultade, aproba as liñas de actuación no ámbito desta e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.
2. As normas de funcionamento da Xunta de Facultade rexerán para os demais órganos colexiados de non existiren previsións específicas para estes.

Sección 2ª. Da composición e competencias da Xunta de Facultade

Artigo 6

1. A Xunta de Facultade estará composta por:
 - a) O decano ou decana, que a convocará e presidirá.
 - b) O vicedecano/a ou vicedecanos/as,
 - c) O secretario ou secretaria, que o será tamén da Xunta.
 - d) O responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos.



e) O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35 % da capacidade docente dun profesor a tempo completo:

- Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51%.
- O resto, sempre que non exceda o 10% do total da Xunta. O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do 5%.

f) Unha representación do estudantado do 32%, do cal o 25% será das titulacións de grao que se impartan na Facultade e o 7% das titulacións de máster universitario e doutoramento.

g) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous.

2. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación coa Facultade ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal foi elixido. Os membros electivos da Xunta de Facultade que perdan a súa condición serán substituídos nos termos establecidos polo Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

3. Cando a natureza dalgún dos asuntos a tratar requira a asistencia de persoas da comunidade universitaria, pertenczan ou non á Facultade, estas poden ser convidadas ou admitírselle a súa solicitude motivada de asistencia. En ambos casos, acudirán con voz pero sen voto

Artigo 7

Son competencias da Xunta de Facultade:

a) A elección do decano ou decana e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.

b) A elaboración e a aprobación do seu regulamento de réxime interno.

c) Asupervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.

d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro, consonte a lexislación vixente e as normas xerais emanadas do Claustro Universitario.

e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a planificación académica anual dos títulos académicos do seu ámbito, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.

- f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- g) A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.
- h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
- i) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- j) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- k) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.
- l) Calquera outra competencia que lle atribúan os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

Sección 3ª. Do funcionamento da Xunta de Facultade

Artigo 8

A Xunta de Facultade desenvolverá as súas funcións en Pleno ou en Comisións.

Artigo 9

O Pleno da Xunta de Facultade está formado por todos os seus membros. A Mesa da Xunta estará integrada polo decano, que presidirá as sesións, moderará o desenvolvemento dos debates e suspenderaos por causas xustificadas; O vicedecano ou vicedecanos e o secretario, que o será da Xunta.

Artigo 10

1. O Pleno da Xunta de Facultade reunirse con carácter ordinario e extraordinario.
2. As reunións ordinarias faranse por iniciativa do decano, e terán lugar polo menos tres veces durante o curso académico en período lectivo.
3. As reunións con carácter extraordinario faranse por iniciativa do decano, ou polo menos dun terzo dos membros da Xunta de Facultade, ou por acordo maioritario dunha comisión do centro. Producida a solicitude, que deberá incluír os asuntos a tratar, a Xunta de Facultade



deberá convocarse no prazo máis breve posible e sempre dentro dos dez días lectivos seguintes ao pedimento. Poderá recollerse máis dunha cuestión na orde do día se está debidamente xustificado polo súa urxencia.

Artigo 11

As Xuntas de Facultade convocaranse preferentemente en períodos lectivos, en datas que non coincidan con convocatorias oficiais de exame nin con procesos electorais universitarios. Na convocatoria da Xunta de Facultade deberá constar a orde do día, data, hora e lugar de reunión; e deberá ser entregada aos membros da Xunta, por medios electrónicos, cunha antelación mínima de tres días hábiles, agás no caso dunha Xunta extraordinaria, que o será cun mínimo de dous días hábiles.

Artigo 12

1. O Pleno entenderase constituído en primeira convocatoria cando concorran a maioría absoluta dos seus membros; en segunda convocatoria (media hora despois) cando o número de membros presentes sexa polo menos do 20% do total. Deberán estar presentes o Presidente e o Secretario ou quen legalmente os substitúan.

Nos supostos de ausencia accidental do decano, será substituído polo vicedecano, ou polo profesor de maior xerarquía e máis antigüidade. O secretario será substituído polo vicedecano ou polo profesor máis novo da Xunta que reúna os requisitos para ser secretario /a.

2. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estando presentes todos os membros do órgano acorden por maioría absoluta a súa inclusión.

3. Os acordos adoptaranse por maioría dos membros presentes, agás as excepcións contempladas no presente Regulamento e cando así se estableza pola normativa universitaria que lle sexa de aplicación.

Artigo 13

1. Os acordos adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha determinada proposta, salvo o disposto expresamente neste Regulamento para a moción de censura e a reforma do propio Regulamento.

2. As votacións poden ser:

a) Porasentimento, coa proposta do decano ou da Mesa.

b) Públicas a man alzada.

c) Secretas, cando afecte a persoas concretas, ou o solicite motivadamente calquera dos asistentes.



3. Só se admite o voto dos membros presentes no momento de efectuarse unha votación.

Artigo 14

1. O secretario levantará acta de cada sesión, nos termos establecidos no artigo 18 da Lei 40 /2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Nela deberá especificarse:

a) Os membros da Xunta de Facultade que asistiron á reunión e as ausencias previamente comunicadas.

b) A orde do día da sesión e o lugar e data de celebración.

c) Un resumo dos debates que inclúa os puntos principais das deliberacións.

d) O contido íntegro dos acordos, especificando, no caso de realizárense votacións, o número de votos favorables a cada unha das propostas, así como, se procede, o número de votos en contra e abstencións.

e) De ser solicitado por calquera membro da Xunta, na acta figurará o seu voto contrario ou abstención respecto do acordo adoptado e os motivos que o xustifican; a este efecto poderán formular por escrito, no prazo de dous días, o seu voto particular, que se incorporará á acta.

2. Para a aprobación da acta da sesión anterior, nas xuntas ordinarias, achegarase o borrador da mesma, xunto coa convocatoria, aos seus membros. A aprobación da acta farase tras dar a oportunidade aos membros da xunta presentes de manifestaren as súas observacións á mesma e, no seu caso, de presentar as alegacións que estimen. No caso en que non fose posible facilitar o borrador da acta con antelación, deberá darse lectura íntegra á mesma para a súa aprobación.

3. As actas, unha vez aprobadas, deberán ser asinadas polo secretario, ou quen faga as súas funcións, visadas polo presidente da Xunta, e recollidas nun libro de actas. No caso de se elaborar en formato electrónico deberán imprimirse e encadernarse periodicamente para a súa conservación en papel e arquivo. As actas aprobadas, asinadas e visadas estarán baixo custodia do secretario ou secretaria.

4. O secretario da Xunta, co visto e praxe do decano, expedirá certificación dos acordos a calquera membro da Facultade que o solicite por escrito. Con anterioridade á aprobación da acta tamén poderanse emitir certificacións sobre os acordos que se adoptaron, facéndose constar neste caso tal circunstancia.

CAPÍTULO II. DO DECANO OU DECANA

Artigo 15



O decano ou decana representa á Facultade, exerce a súa dirección e xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa OS seus acordos.

Artigo 16

1. Son competencias do decano:

- a) A representación da Facultade.
- b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e de calquera outro órgano colexiado da Facultade, así como a execución dos seus acordos.
- c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.
- d) A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas á Facultade.
- e) A dirección económica das actividades organizadas pola Facultade.
- f) A proposta ao reitor do nomeamento e cesamento do secretario ou secretaria da Facultade e, de ser o caso, dos vicedecanos e/ou vicedecanas, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
- g) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor na Facultade.
- h) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
- i) O control do axeitado mantemento do patrimonio da Facultade.
- j) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ou a lexislación universitaria.

2. As competencias do decano estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da Facultade que non estean atribuídos a outros órganos.

Artigo 17

- 1. A Xunta de Facultade elixirá o decano de entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade censado no Centro.
- 2. A elección do decano realizarase seguindo as disposicións sinaladas no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 18

O decano poderá ser cesado polo reitor a petición propia, ao remate do seu mandato, Ou ser revogado por unha moción de censura.



Artigo 19

O procedemento estipulado para a moción de censura será o recollido no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

CAPÍTULO III. DO VICEDECANO/A OU VICEDECANOS/AS

Artigo 20

1. No exercicio das súas competencias, o decano será asistido polo vicedecano/a ou vicedecanos/as.
2. É labor dos vicedecanos coordinaren ou dirixiren, baixo a autoridade do decano, a área ou áreas de competencias que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos. De existiren varios vicedecanos, o decano designará cal deles o substituirá, en caso de ausencia Ou enfermidade.
3. Os vicedecanos serán nomeados polo reitor, por proposta do decano, de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
4. Os vicedecanos cesarán no seu cargo por decisión do reitor, logo da proposta do decano, ou por petición propia.

CAPÍTULO IV. DO SECRETARIO OU SECRETARIA

Artigo 21

1. O secretario ou secretaria da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden o decano, a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
2. O secretario será nomeado polo reitor, segundo a proposta do decano, de entre o profesorado censado na Facultade ou o persoal funcionario de administración e servizos dos subgrupos A1 e A2, igualmente censado no centro e que reúna os requisitos establecidos nos Estatutos da Universidade de Santiago.
3. O secretario cesará por decisión do reitor, tras a proposta do decano ou por petición propia.



TÍTULO II. DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 22

No presente regulamento establécense as seguintes comisións delegadas:

- a) Comisión de Calidade e Docencia.
- b) Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas.
- c) Comisión de Relacións Exteriores.
- d) Comisión de Xénero.

Artigo 23

1. A Xunta de Facultade poderá crear outras comisións conxunturais para os asuntos que considere pertinentes e, cando proceda, suprimilas.
2. A composición destas comisións conxunturais e as súas funcións estableceranse polo Pleno da Xunta de Facultade.

Artigo 24

1. Os membros das comisións delegadas teñen que ser membros da Xunta de Facultade.
2. A elección dos membros das comisións delegadas que representen aos distintos sectores da Xunta de Facultade realizárase polos membros do respectivo sector no seo da propia Xunta. A elección poderá ser por asentimento, sen necesidade de votación, cando o número de candidatos presentados sexa igual ou inferior ao de postos elixibles.
3. Os membros das comisións delegadas renovaranse cada dous anos agás os estudantes que o farán anualmente despois de cada elección dos seus representantes na Xunta de Facultade.
4. Os membros das comisións delegadas cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros do sector da Xunta de Facultade polo que foron elixidos. Tamén poden cesar por petición propia. En ambos os casos, ocuparán os postos vacantes os seguintes na lista de candidatos presentados no seu momento á elección. De non existir, procederase á elección do substituto dentro do sector correspondente na seguinte Xunta de Facultade que se celebre.

Artigo 25



Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respecto en la sección de preguntas frecuentes.

O réxime de funcionamento das comisións que se recollen neste Regulamento é o mesmo que o establecido para a Xunta de Facultade.

CAPÍTULO II. DA COMISIÓN DE CALIDADE E DOCENCIA

Artigo 26

A Comisión de Calidade e Docencia estará composta por:

- a) O decano ou decana, que a convocará e presidirá.
- b) O/A responsable de Calidade da Facultade.
- c) O secretario ou secretaria da Facultade, que o será tamén da Comisión.
- d) Os coordinadores e/ou coordinadoras de todas as titulacións oficiais impartidas na Facultade.
- e) Dous representantes do profesorado.
- f) O/A responsable da Unidade de Xestión.
- g) Dous estudantes.

Artigo 27

As funcións da Comisión de Calidade e Docencia no ámbito da calidade son as determinadas no Sistema de Garantía de Calidade da Facultade. Polo que respecta ao ámbito da docencia, as súas funcións son todas as relacionadas cos asuntos académicos que sexan necesarias para o correcto desenvolvemento dos plans de estudos que non sexan competencia exclusiva da Xunta de Facultade e, en particular, as seguintes:

- a) A aprobación da planificación académica anual das titulacións que se imparten na Facultade.
- b) Informar as solicitudes de recoñecemento de competencias para as titulacións da Facultade.
- c) Coñecer, informar e, se é do caso, resolver, sobre calquera conflito que puidera xurdir no desenvolvemento da docencia.

CAPÍTULO III. DA COMISIÓN DE ASUNTOS ECONÓMICOS E INFRAESTRUTURAS



Artigo 28

A Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas estará composta por:

- a) O decano ou decana, que a convocará e presidirá.
- b) Un vicedecano ou vicedecana.
- c) O secretario ou secretaria da Facultade, que o será tamén da Comisión.
- d) Catro representantes do profesorado.
- e) Dous estudantes.
- f) Un representante do persoal de administración e servizos.

Artigo 29

Son funcións da Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas todas as relacionadas coa elaboración e desenvolvemento das previsións orzamentarias e a xestión das infraestruturas que non sexan competencia exclusiva da Xunta de Facultade e, en particular, as seguintes:

- a) Informar o reparto de orzamento elaborado polo equipo decanal antes do seu debate no pleno da Xunta de Facultade.
- b) Facer o seguimento dos acordos orzamentarios.
- c) Propoñer a dotación de medios para o correcto desenvolvemento das funcións que ten asignadas a Facultade.
- d) Facer o seguimento do estado do edificio e realizar propostas conducentes a súa conservación, reparación e mellora.
- e) Propor a adopción de medidas dirixidas a mellorar a xestión dos espazos asignados ao Centro.
- f) Establecer a política de adquisicións bibliográficas que sexan competencia da Facultade.

CAPÍTULO IV. DA COMISIÓN DE RELACIÓNS EXTERIORES

Artigo 30

A Comisión de Relacións Exteriores estará composta por:

- a) O decano ou decana, que a convocará e presidirá.



- b) Un vicedecano ou vicedecana.
- c) O secretario ou secretaria da Facultade, que o será tamén da Comisión.
- d) Catro representantes do profesorado.
- e) Dous estudantes.
- f) Un representante do persoal de administración e servizos.

Artigo 31

Son funcións da Comisións de Relacións Exteriores todas as relacionadas coa política exterior da Facultade que non sexan competencia exclusiva da Xunta de Facultade e, en particular, as seguintes:

- a) Propoñer accións para a mellora do coñecemento e posta en valor do centro,
- b) Establecer as liñas xerais de relacións do Centro con entidades empresariais e sociais.
- c) Potenciar as relacións cos outros centros da USC.
- d) A planificación dos programas de mobilidade españois e internacionais,
- e) A planificación das prácticas externas curriculares e extracurriculares en empresas e institucións.

CAPÍTULO V. DA COMISIÓN DE XÉNERO

Artigo 32

A Comisión de Xénero estará Composta por:

- a) O decano ou decana, que a convocará e presidirá.
- b) Un vicedecano ou vicedecana.
- c) O secretario ou secretaria da Facultade, que o será tamén da Comisión.
- d) Catro representantes do profesorado.
- e) Dous estudantes.
- f) Un representante do persoal de administración e servizos.



Artigo 33

A Comisión de Xénero ten como función velar polo cumprimento efectivo do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos da Facultade, no marco das políticas específicas deseñadas neste eido pola Universidade de Santiago de Compostela e en colaboración cos órganos competentes desta.

TÍTULO III. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 34

1. A iniciativa para a proposta de reforma do Regulamento pode ser adoptada polo decano ou mediante proposta asinada por un 25% dos membros da Xunta de Facultade.
2. As propostas de reforma do Regulamento, debidamente articuladas e motivadas, acompañaranse á convocatoria da Xunta de Facultade na que sexan debatidas debendo darse un prazo mínimo de cinco días hábiles para a presentación de emendas antes da celebración da Xunta. O debate e votación destas terá lugar na Xunta de Facultade.
3. Para que a proposta de reforma sexa aprobada será preciso que reciba o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade. Unha vez aprobada, esta proposta remitirase ao Consello de Goberno para a súa ratificación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Na primeira Xunta de Facultade que deba celebrarse dende a aprobación deste Regulamento procederase á elección dos membros das distintas comisións.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado o Regulamento de réxime interno da Facultade de Administración e Dirección de Empresas, aprobado pola Xunta de Facultade do 2 de novembro de 2006 e ratificado polo Consello de Goberno do 10 de novembro de 2006.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor coa súa publicación na sede electrónica da USC logo da súa aprobación polo Consello de Goberno.

